

Xogaina 8

Edición dixital



Os currantes:



Profes:

Adolfo Barcia
Fátima Miguéns
Pilar Cobas
Ana Fernández
Concha Leal
Alba León
Balbina Louro
Ana Pose
Chus Souto

Alumnos e alumnas de Secundaria:

Lucía Agrafojo
Ángela Creo
J.Mauel García
Iván Paz
Marcos González
Teresa Pérez
Noelia González
Lucía Ponte
Asier Martínez
Leticia Mourelos
Esteban Bargo
Lorena Vázquez
Raquel Freire
Terceiro C
ENDL

Alumnos e alumnas de Primaria:

Eva S.L.
Laura F.T.
Infantil B
Primero A
Primero B
Segundo A
Segundo B
Cuarto A





Editorial

Benvidas e benvidos a un novo número da nosa revista escolar; o segundo feito exclusivamente para edición dixital. Como veredes, o noso formato vai evolucionando, este ano debido a que a edición dixital permítenos introducir as cores en todas as nosas páxinas. O ano pasado incorporámonas nas nosas fotografías e ilustracións, este ano comezamos a incluíla na tipoloxía de texto e incluso como forma de encadrar e resaltar distintos parágrafos.

O noso intento é mellorar e sorprendervos cada ano... Esperamos que o noso intento fose conseguido. Se queredes facernos chegar as vosas suxestións ou opinións sobre a revista podedes facelo por medio do correo electrónico a: www.francesasilva@gmail.com

Grazas pola vosa atención e feliz verán! Ata o vindeiro curso!




Índice

O magosto.....	3
Obradoiros Climántica.....	4
Facendo carteiras cos refugallos.....	5
Presentámonos ó congreso de CLMTK.....	6
Camiñando polas Fragas do Eume.....	7
Festival de Nadal.....	9
30 de Xaneiro: Día da Paz.....	10
8 de Marzo: Día da Muller Traballadora.....	11
Entroido en Lousame.....	12
17 de Marzo: Día das Letras Galegas.....	13
Visita ó CGAC.....	15
Clases sen fume.....	16
S e g u n d a p a r t e :	
Unha noite de Samáin na Silva.....	17
E se transgredimos?.....	20
Máis caligramas.....	24
Creando “haikus”.....	29
A visita de Carlos Negro.....	30
Poetizándonos sen medo.....	32
T e r c e i r a P a r t e :	
2+2=3?.....	33
As técnicas de reprodución asistida.....	34
Reinterpretando a Picasso.....	37
Natureza...Natureza!.....	40
Conectando mundos.....	42
O problema dos Dongria Kondh.....	43
Os tres porquiños.....	44
Pelegríns no tempo.....	45
Producións propias.....	46
Le coin du français.....	47
Cerca da praia.....	48
Seres imaxinarios.....	52



O Magosto



Como nos anos anteriores, os alumnos e alumnas de infanti e primaria xuntámonos para celebrar o magosto, xogando xuntos e comendo as castañas. Este ano o tempo veu bastante desagradable, pero aínda así poidemos festexalo. O outono é unha estación do ano da que aprendemos moitas cousas nas nosas clases por medio de distintas actividades didácticas. A comerota de castañas é un bo punto final para esta tempada!



Obradoiros Climántica



Este ano recibimos dous cursos-obradoiros dentro das actividades ofertadas por Climántica para desenvolver nos centros educativos. Un deles foi un obradoiro de publicidade no que fixemos análises publicitarias e construímos anuncios para transmitir diferentes valores acerca de como consumimos. O outro taller consistía nunha dinámica na que traballabamos, a partir de imaxes, a problemática actual sobre o cambio climático analizando as posibles causas e efectos e propoñendo solucións. Nas imaxes podeades vernos en momentos deste taller que foi impartido pola monitora Sabela.

Alumnos e alumnas de 1 ESO B e o profesor Adolfo Barcia Dopazo



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Facendo carteiras cos refugallos...



Unha das primeiras actividades levadas a cabo dentro da materia de Proxecto Interdisciplinar Climántica foi a realización de carteiras a partir de tetrabricks. Estes poden ser de calquera tipo: leite, zume... Ademais necesitanse tesoiras, pegamento e algún sistema de peche. Nas fotos podes ver momentos durante o traballo e os resultados finais. Chulas, eh?. Alumnas e alumnos de 1º ESO B e o seu profesor Adolfo Barcia.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Presentámonos ó congreso de CLMTK



Algúns alumnos e alumnas de 2º ESO quixeron colaborar no Proxecto Climántica participando no concurso con dous bos traballos: unha maqueta e unha montaxe multimedia sobre o cambio climático.

O 19 de xuño asistiron ao III Congreso CLMNTK para estudantes que este ano se celebrou en Pontevedra, alí compartiron as presentacións de traballos acompañados dos outros colexios xunto con espectáculos de maxia, humor e música.

Parabéns a Carla, Lucía, Martín, Óscar, Nuria e Tania!!!



Camiñando polas Fragas do Eume




O día 18 de novembro os alumnos de 2º e 3º da ESO fomos de visita ó Parque Natural das Fragas do Eume. Saímos as 10:00 do colexio, a viaxe foi longa, aínda que se fixo amena xa que fomos escoitando música, que acompañada da marabillosa paisaxe, se facía moi agradable.

Despois do que foi acabar o traxecto dende o colexio ata alí, as fragas, paramos onda unha especie de museo (Centro de Interpretación), no que vimos paneis e maquetas que amosaban os animais e a vexetación da zona: un destes paneis representaba un río visto dende o interior da súa auga, no que había animais acuáticos, algas, pedras, etc; outro amosaba o tronco dunha árbore con aves pousadas nas súas pólas; outro no que se apreciaba o solo da zona; etc.

Alí tamén nos deron unha guía na que aparecían as marabillas das fragas e informaba do pasado destas.

Logo disto andamos, acompañados dun guía, por unha parte da zona, que tamén nos resumiu o pasado das fragas. A mestra Chus (de bioloxía e xeoloxía), deunos unha cámara fotográfica para que lle tirásemos



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS




fotografías ás fantásticas calidades das que dispoñían as fragas; o que foi moi boa idea porque todo o que había chamaba a atención. Despois de andar un bo anaco pola estrada, cruzamos o río a través dunha ponte colgante que deixaba ver a forza e a velocidade coa que baixaba a auga polo río. Despois de cruza-la ponte tivemos que ir polo medio do monte, por onde había un pequeno camiño polo que puidemos transitar, aínda que había zonas que mostraban dificultades para nós, pero non imposibles de superar para poder

seguir vendo e disfrutando da paisaxe que dispoñía dunha ampla variedade de vexetación como por exemplo: ameneiros, fentos, abeleiras, castiñeiros, carballos, brións, bugallas, acivros, toxos, piñeiros, e outros moitos; pero non só de vexetación senón tamén dunha extensa fauna composta polas seguintes especies: ferreiriños, opilións, miñatos, corzos, petos (paxaros carpinteiros), corvos, saramantegas, cascudos do esterco, ras, merlos, ourizos, queirugas, salmóns, toupas, troitas, xabarís, lontras, falcóns, bufos, lesmas, gatos monteses, píntegas, leiróns, martas, ...



Despois de toda a visita, cada un de nós comemos, nunha zona de recreo, a comida que levabamos nas nosas mochilas. Pero os mestres e máis o condutor do autobús que nos transportou á zona tomaron algo nun bar que había ó carón do Centro de Interpretación; e algún que outro alumno tamén tomou algo xa que facía moito frío. Foi unha saída verdadeiramente estupenda.

Lucía Agrafojo Padín 3º A ESO



Festival de Nadal



Pixelación das imaxes feita pola redacción da revista como medida de protección da imaxe

30 de xaneiro: Día da Paz



Por esta pomba
Enviámos versos de paz
Dois a dois vamos-voamos
Irmãos somos
Muitos irmãos faremos
O corpo pesa-nos, dói-nos
Sofre... Porém, voa

Por esta pomba de paz
Agora un raio de sol aquecemos
Zedmi-paz-mudez que voa

De "A Poesía Necesaria" Antonio García Teijeiro. Ed. Galaxia



Este cartel foi feito polos alumnos e alumnas
de Primeiro Ciclo de Primaria

8 de Marzo: Día da Muller Traballadora



Mural feito polas alumnas e alumnos de Infantil B e 1A de Primaria

"Existen profundas desigualdades en el reparto de las tareas del hogar y del cuidado de los hijos – la mayoría de estas responsabilidades las asumen las mujeres.

- Las pruebas parecen indicar que los hombres con hijos confían en que su pareja asuma la mayor parte de las tareas del hogar y del cuidado de los hijos.
- Esto significa que a las mujeres les resulta difícil compaginar familia y trabajo y que los hombres disfrutan de un mejor equilibrio trabajo-familia que las mujeres.
- El reparto desigual de las tareas del hogar y del cuidado de los hijos también repercute en las tendencias laborales.
- Las mujeres con hijos trabajan menos a tiempo completo que las que no tienen hijos.
- Lo contrario sucede entre los hombres: los hombres con hijos trabajan más a tiempo completo que los hombres sin hijos.
- Las mujeres tienen peor opinión que los hombres sobre sus oportunidades profesionales, señal de que las oportunidades de ellas están limitadas.
- Más mujeres que hombres afirman estar demasiado cualificadas para el trabajo que realizan, señal de que la segregación profesional impide a las mujeres desarrollar plenamente su potencial.
- Las mujeres tienen las mismas aspiraciones profesionales que los hombres, a pesar de no tener el mismo acceso/oportunidades que ellos.
- Los impulsores profesionales más importantes son un salario decente y oportunidades de gratificaciones, tanto entre hombres como entre mujeres, con y sin hijos.
- La brecha salarial de género persiste, y es más pronunciada para las mujeres con hijos."

Informe da Confederación Sindical Internacional 2010


Entroido en Lousame



17 de Maio: Día das letras galegas




Este ano o Día das Letras Galegas adícouse a Uxío Novoneyra, o gran poeta do Courel. Aquí podedes ver algúns dos traballos feitos polos nosos alumnos como homenaxe ó poeta e como medio




X
O
G
A
I
N
A

Traballo feito polas alumnas e alumnos de 1 Primaria

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



Traballo feito polos alumnos e alumnas de Secundaria integrantes do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.



Traballo feito polos alumnos e alumnas de 4 A Primaria con motivo da celebración do Día das letras galegas.

X
O
G
A
I
N
A

Visita ó CGAC



Os alumnos de 4º ESO que cursan a materia de Educación Plástica foron de visita ao CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea) co seu profesor, Adolfo Barcia. Alí realizaron un taller sobre os conceptos de identidade e o dandismo. Este taller estaba directamente relacionado coa exposición que visitaron posteriormente e que levaba por título "Sur le dandysme aujourd'hui: Do manequí á estrela mediática". Podedes ver algunhas fotografías do grupo e momentos durante o taller que, a xulgar polas imaxes, debeu de ser moi entretido.



Clases sen fume



Os alumnos e alumnas de 1º ESO B participaron este ano no concurso escolar "Clases sen fume 2009-10" que está coordinado polo Servizo Galego de Saúde.

Clases sen fume é un concurso europeo para a prevención do tabaquismo dirixido a escolares de 1º e 2º da ESO (mozos e mozas de 12 a 14 anos de idade).

A competición baséase:

- no compromiso colectivo de toda a clase e o seu educador/a de manterse sen fumar durante un período de 6 meses consecutivos durante o curso escolar.
- na responsabilidade e confianza mutuas de todos eles.
- e no desenvolvemento dunhas actividades na aula.

Durante todo o ano fixemos varias actividades como deseñar un slogan, carteis e unha actividade creativa final na que decidimos participar en grupo realizando unha especie de capsula do tempo coas nosas visións sobre o problema do tabaquismo e que podeades ver nas fotografías.

As clases que conseguen chegar ao final da competición participan no sorteo de varios premios e neste momento de finais de curso estamos esperando ter sorte e gañar algún. Que nervios!